

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CSTCP01	Patronaxe e moda	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0289	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	RAUL ALVARADO FERREIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

"Empresa e iniciativa emprendedora" é un módulo transversal, trabállase en todos os ciclos formativos suxeitos á lexislación LOE. Este ciclo corresponde a unha figura profesional que exerce a súa actividade no sector da confección industrializada de produtos téxtiles e de pel, así como de calzado e marroquinaría, en pequenas, medianas e grandes empresas, xa sexa por conta allea ou por conta propia, desenvolvendo funcións de xestión da produción e de elaboración de patróns para a industrialización da confección.

As características do ámbito socioproductivo correspondente a este ciclo son tidas en conta coa finalidade de adaptar ás mesmas esta programación didáctica. Con este fin, o profesor adecuará tanto as explicacións teóricas como os exercicios e actividades propostos na aula ao ámbito da confección industrial.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver por propia iniciativa unha actividade empresarial; preténdese que dentro do itinerario profesional, o alumnado contemple a posibilidade de xerar o seu propio posto de traballo a través da actividade emprendedora, no sector no que se encadra o ciclo formativo. Con tal fin, o alumnado deberá elaborar un proxecto empresarial relacionado coa actividade de patronaxe e moda, que será o principal elemento de concreción do currículo ao sector produtivo. O proxecto estará composto por un plan de empresa. A súa elaboración irase realizando polo alumnado conforme se desenvolvan os contidos do módulo, que tamén se adecuarán ao sector produtivo en cuestión.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora. A empresa e o entorno.	Valorar o emprendemento, e a describir e escoller unha idea de negocio relacionada co sector. Exporase a estrutura dun proxecto de empresa sinxelo. Elementos do contorno da empresa.	10	15
2	Márketing e organización funcional da empresa. Formas xurídicas.	Nesta unidade determinaranse os principais elementos da organización na empresa e o márketing na mesma.	10	15
3	Financiamento, contabilidade e xestión da empresa	Nesta unidade analizaranse as nocións básicas de contabilidade e financiamento da empresa, as obrigas fiscais e os principais documentos de xestión.	10	15
4	Fiscalidade, documentación e xestión admva da empresa empresa	Nesta unidade coñeceranse as diversas formas xurídicas que pode adoptar unha empresa e os principais trámites para a súa posta en marcha.	8	15
5	Elaboración e Presentación do proxecto de empresa.	Nesta unidade exporanse os proxectos de empresa elaborados ao longo do curso e farase entrega dos mesmos..	15	40

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora. A empresa e o entorno.	10

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector profesional do título de técnico superior en patronaxe e moda.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do téxtil, a confección e a pel, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de téxtil, confección e pel en función da súa posible localización.
CA2.6 Analízase o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co téxtil, confección e pel e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícanse, en empresas de téxtil, confección e pel, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de téxtil, confección e pel (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.

**Contidos**

A actuación das persoas emprendedoras no sector téxtil, confección e pel.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora.

Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.

Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do téxtil, confección e pel.

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de téxtil, confección e pel: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de téxtil, confección e pel: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Márketing e organización funcional da empresa. Formas xurídicas.	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.11 Descríronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa do sector de téxtil, confección e pel, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de téxtil, confección e pel.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de téxtil, confección e pel tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Financiamento, contabilidade e xestión da empresa	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas con téxtil, confección e pel e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidación)
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de téxtil, confección e pel.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de téxtil, confección e pel: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Fiscalidade, documentación e xestión admva da empresa.empresa	8

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.9 Incliúese no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Formas xurídicas das empresas. Responsabilidade legal do empresario. A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de téxtil, confección e pel. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Elaboración e Presentación do proxecto de empresa.	15

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do téxtil, a confección e a pel, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa do sector de téxtil, confección e pel, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do téxtil, confección e pel.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Formas xurídicas das empresas.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financieira.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva neste módulo son os criterios de avaliación que se indican como tales en cada unha das unidades didácticas. Este indicador de mínimos adaptárase ás circunstancias persoais e sociais do alumnado.

A cualificación do módulo virá determinada conforme aos seguintes criterios:

- 60% pola media obtida nos diferentes instrumentos de avaliación sobre os contidos do módulo traballados na clase, que se determinarán en cada avaliación a partires de:

a) Nota das probas escritas (80%), puntuadas entre 0 e 10. Realízase como mínimo 1 en cada avaliación; en caso de efectuarse máis, terase en conta a medida das mesmas sempre que se obteña polo menos un 5 en cada unha delas. Na realización das probas obxectivas queda prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

b) Nota dos traballos, actividades e exercicios individuais ou colectivos que se indiquen (20%). Terase en conta, ademais do contido, a participación e a actitude no desenvolvemento dos traballos. No caso de traballos colectivos poden considerarse as distintas achegas das persoas integrantes do grupo.

- 40% pola valoración da elaboración e defensa dun proxecto de creación de empresa no ámbito do sector produtivo do ciclo. Realízase ao longo do curso conforme ás directrices, instrucións e contidos indicados pola profesora, e será entregado e defendido nas datas que se indiquen ao final da segunda avaliación. Puntúase de 1 a 10 puntos, e poderán terse en conta as distintas achegas dos integrantes do grupo, no seu caso. Este 40% divídese nun 16% final na entrega última e a súa exposición e un 24% (4 UT x 6% cada unha) con as entregas parciais do Plan de empresa.

Para superar cada avaliación é preciso obter como mínimo un 5 en cada un dos exames e ter realizados e/ou entregados en prazo os exercicios e actividades que se indiquen, así como o proxecto de empresa. O alumnado que non aprobe unha avaliación poderá recuperala na seguinte mediante un exame e/ou os exercicios e actividades que se lle indiquen.

Para superar o módulo será preciso ter aprobadas todas as avaliacións e obter como mínimo un 5 no proxecto de creación de empresa. O alumnado que non o acade os obxectivos do curso durante o período ordinario poderá recuperar, ao remate do mesmo, as partes non superadas mediante un exame e/ou a entrega dos traballos pendentes e as actividades de recuperación que se lle indiquen.

A avaliación realízase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas. O número de faltas inxustificadas que implica a perda do dereito á avaliación continua será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

### PREVISIÓNS ESPECIAIS EN RELACIÓN COA COVID-19

Naqueles casos nos que a falta do alumno ou da alumna se produza por presentar síntomas compatibles coa COVID-19 (a propia alumna ou alumno o calquera persoa da súa contorna coa que tivese) deberá de acreditarse pola pertinente comunicación o equipo COVID do centro, tal como contempla o protocolo de adaptación á crise da COVID-19 para o curso académico 2021/2022, para xustificar a súa ausencia aos efectos oportunos. De coincidir estas ausencias nas datas destinadas á realización dos exames de avaliación, esta proba será realizada ben por medios telemáticos o ben por medios presenciais se pode regresar nos seguintes días o centro educativo.

Neste curso académico, para dar resposta ás situacións que se poidan derivar da crise da COVID-19, facilitarase todo o material de traballo do módulo a través da plataforma Moodle (aula virtual) polo que é obrigatorio que o alumnado se atope matriculado na aula virtual dende a primeira semana de curso. Para garantir o acceso en igualdade de condicións de todo o alumnado á plataforma solicitaraselles información a cerca da tenencia de equipos informáticos á súa disposición no domicilio, así como acceso a internet. No seguimento de programación a profesora fará constar as incidencias a estos efectos das que teña coñecemento e establecerá unha comunicación por medios telemáticos ou presenciais, sempre que sexa posible, co alumnado para que poidan facer constar posibles dificultades de acceso.

Nesta mesma liña, no caso de producirse algún tipo de illamento dentro do alumnado ou do propio profesorado, o alumnado seguirá o curso dende o seu domicilio, sendo as actividades e tarefas que se propoñan obrigatorias e por tanto avaliábeles. De afectar calquera destas formas de confinamento á realización dos exames de avaliación, estes serán realizados por medios telemáticos, ben por escrito o ben oralmente, segundo o criterio da profesora, e serán obxecto de avaliación todos os contidos impartidos tanto na aula como por medios telemáticos.

Será necesaria a comunicación por parte do alumnado, cun preaviso mínimo de 24 horas, de calquera tipo de incidencia que poida afectar á realización das probas, especialmente a súa incomparecencia ás mesmas, pois en caso contrario considerárase unha falta de asistencia non xustificada. Para xustificar ausencias por presentar síntomas compatibles co COVID-19 requírese como mínimo a comunicación ao equipo COVID do centro das correspondentes faltas, en cumprimento do protocolo de adaptación o contexto COVID-19 nos centros de ensinanza non universitarias para o curso 21/22.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Para o alumnado con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo a profesora poderá establecer medidas de reforzo, deseñadas segundo as necesidades particulares de cada persoa.

Para o alumnado que non acade os obxectivos do módulo adoptaranse actividades de recuperación durante o curso que poderán consistir, en función do caso, en:

- Proba escrita sobre os contidos non superados.
- Exercicios ou traballos que se indiquen.
- Elaboración das partes non superadas do proxecto empresarial.

No caso de non recuperar o módulo no período ordinario, deberá presentarse a unha proba final e/ou, no seu caso, entregar os traballos ou partes do proxecto que se lle indiquen. Para a cualificación positiva na proba de recuperación o alumno/a debe obter un mínimo de 5 puntos sobre 10.

O alumnado de 2º curso que non poda acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados. Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Rematado este proceso o alumno ou a alumna deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados mediante a realización dunha proba obxetiva ou do traballo ou actividades que se lle indiquen.

## **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O dereito á avaliación continua pérdese por acadar un número de faltas inxustificadas do 10% da duración total do módulo. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

O alumnado con perda do dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha proba de avaliación extraordinaria ao final do curso que lle permita demostrar a adquisición dos resultados de aprendizaxe adquiridos. Os resultados e aprendizaxe, e polo tanto os criterios de avaliación, serán os mesmos que para o resto do alumnado que se examine de forma ordinaria.

Esta proba poderase realizar por medios telemáticos cando sexa necesario por causa da situación derivada da Covid19. Esta circunstancia será abordada co alumnado afectado para garantir a necesaria información e a realización da proba que lle permita recuperar o módulo.

Será necesaria a comunicación por parte do alumnado, cun preaviso mínimo de 24 horas, de calquera tipo de incidencia que poida afectar á realización da proba, especialmente a súa incomparecencia á mesma, pois en caso contrario considerárase unha falta de asistencia non xustificada. Para xustificar ausencias por presentar síntomas compatibles co COVID-19 requírese como mínimo a comunicación ó equipo COVID do centro das correspondentes faltas, en cumprimento do protocolo de adaptación o contexto COVID-19 nos centros de ensinanza non universitarias para o curso 21/22.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todo o profesorado que imparte clase no grupo, reunirse mensualmente para analizar o grao de cumprimento das programacións. Empregarase o modelo establecido polo sistema de xestión da calidade implantado no centro, no que se concretarán tanto o grao de cumprimento da programación como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do motivo destas modificacións e as propostas de mellora da programación. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

Neste seguimento constarán aquelas incidencias que a profesora observe no desenvolvemento do curso, incluíndo aquelas que fagan referencia ao seguimento telemático das clases no caso de alumnado ausente polas posibles circunstancias relacionadas co COVID-19. Con isto preténdese rexistrar toda actividade presencial o telemática para avaliar os alumnos en calquera condición derivada da crise sanitaria.

Ademais, como instrumento de avaliación da práctica docente polo alumnado do módulo realízase un cuestionario anónimo cara ao final do curso co fin de coñecer as súas opinións e valoracións e as súas propostas de mellora.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial, co obxectivo de saber cales son os coñecementos previos do alumnado e poder axustar a intervención educativa ao grupo-clase. \*\*\*

Para realizar esta avaliación inicial dos coñecementos previos do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Cuestionarios nos que o alumnado exprese os seus coñecementos e opinións e posterior posta en común e debate.
- Preguntas sobre artigos de prensa ou textos para coñecer o grao de comprensión de textos, a capacidade análise e síntese
- Manexo de medios informáticos (internet, procesador de textos...) para coñecer o grao de competencia.

A persoa titora do grupo na sesión de avaliación inicial aportaranos, a información dispoñible do alumnado sobre: características xerais do grupo, e ás específicas académicas ou persoais con incidencia educativa.

Durante o curso realizarase ao inicio de cada unidade didáctica unha avaliación inicial, a través dun pequeno coloquio ou treboadas de ideas, que indique o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

\*\*\* Ainda que sempre se fai unha avaliación inicial a modo de tormenta de ideas dos contenidos de cada unidade, ao tratarse dun grupo xa coñecido do curso anterior, ao ter traballado con eles, non se fa<sup>z</sup>ra unha avaliación inicial estricto sensu senon que facemos tanto ao inicio como cado ven a conto, o refresco de conceptos vistos con anterioridade. So haidos alumnos novos respecto ao do ano anterior e teñen un moi bo nivel de coñecementos, a moi boa actitude.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Polo que se refire á atención á diversidade, non existe notificación de ningunha persoa no alumnado que vaia precisar medidas extraordinarias de atención.

De calquera xeito ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para o alumnado que o precise.

Deste xeito podemos describir as seguintes medidas de reforzo con carácter xeral:

- Propoñer diversas actividades diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido, garantindo sempre a adquisición dos mínimos exixibles.
- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo. Cando se considere necesario poderase ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para o alumnado que presente dificultades
- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, e formar equipos de traballo que integren a persoas con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O alumnado debe ser quen de facer un xuízo crítico sobre a realidade social, construír de forma libre e racional o seu propio sistema de valores e actuar en consecuencia. Polo tanto, os temas transversais teñen como finalidade contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades necesarias para integrarse como membros activos e críticos na sociedade na que viven.

Dentro da dinámica xeral do proceso de ensino e aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

- A iniciativa individual e a responsabilidade.
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre os sexos, o rexeitamento a todo tipo de discriminacións.
- A diversidade como un valor enriquecedor: no respecto ás ideas, opinións e ideoloxías dos compañeiros/as, a valoración das achegas dos compañeiros/as e o traballo en equipos, fomentando hábitos de comportamento democrático
- Educación para a saúde e a educación ambiental, especialmente dentro do tema da responsabilidade social empresarial

A materia que se traballa no módulo de EIE, relacionada con cuestións como a ética e responsabilidade empresarial, o emprendemento, o mercado, os consumidores, etc., permite traballar constantemente sobre todos estes valores durante todo o curso; isto refórzase na posta en común que teñen que levar a cabo os integrantes de cada equipo na realización do proxecto de creación de empresa.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Ao longo do curso valorarase, atendendo as necesidades dos grupos e o desenvolvemento do curso, a posible realización e/ou participación en:

- Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.
- Participación do alumnado nos programas e concursos dirixidos ós alumnos de ciclos superiores que se convoquen durante o curso, como o programa DEPOEMPRENDE
- Actividade de coñecemento dos recursos ofertados no centro dentro do Plan Eduemprende

A participación nestas actividades dependerá da súa convocatoria e do interese do alumnado.

## **10. Outros apartados**

### **10.1) Comunicación da programación ao alumnado.**

O alumnado deste Módulo será informado do contido desta programación ao comezo do curso, e se lle indicará que a mesma queda á súa disposición nos lugares establecidos pola dirección do centro.